



Xornada

Cinema galego e Transición

Museo do Pobo Galego
Santiago de Compostela
21 de marzo de 2024



Se a etapa da transición política marca a efervescencia e o espertar á liberdade dun país, as demandas e omisións dos anos de ditadura teñen acomodo nun escenario sociopolítico e cultural ben complexo que terá o seu reflexo progresivo en avances e aparicións singulares. O caso galego é sintomático de dous aspectos: os niveis de recoñecemento cultural e as propias dificultades identitarias, coa carencia engadida dun legado cinematográfico establecido.

O período vai ofrecer un magma de celuloide militante, reivindicativo; un corpus de desexos e de loitas baseado esencialmente nunha opción de (re)afirmación. Como brigadas da luz, xorden colectivos —por exemplo Lupa ou Imaxe—, xunto cun bo feixe de miradas en que a realidade plurinacional —coa literatura como áspera avalista— toma corpo, mentres chegan xentes como Llorenç Soler e Anna Turbau, que filman con audacia os lugares onde o público e o privado converxen. A expresión destes materiais, ás veces iconoclasta, explica as grandezas e limitacións de todo movemento pioneiro. Desde unha perspectiva actual, lastrada ou reducida ao episódico, dun contundente predominio masculino, sen dúbida a posición estatal de Galicia non vai ser un asunto menor.

A xornada *Cinema galego e Transición* enfróntase a moitas destas cuestións, observando o carácter esencial da Transición como motor de transmisión dunha tradición rebelde, unha república dos radicais xerme do nacemento oficial dun cine galego comprometido, con conciencia de si. Entre o mare magnum susceptible de análise atópanse as vacilacións e particularidades entre o afeccionado e o profesional, a evolución posterior deste cinema ou as (demasiado escasas) pisadas futuras nun cine en que a memoria reorienta significados, que achegan elementos de reflexión que poden resultar reveladores ou de sumo interese para as persoas asistentes.

A xornada ten lugar dentro da 19ª edición da Mostra Internacional de Cinema Etnográfico (MICE) e consiste en tres mesas de debate que abordan como concepto xeral a Transición e o cinema galego. Os temas principais que se debaterán son o cinema afeccionado e a militancia, a representación da Transición no cinema contemporáneo e o paso do cinema afeccionado á profesionalización do audiovisual. Convidamos a participar nas mesas a persoas que viviron esta época ou especialistas do tema que axudarán a contextualizala.

Ao mesmo tempo, a MICE programará unha selección de filmes que impulsarán unha lectura mais ampla, diversa e complexa.

Programa

Sesión da mañá

11:00 horas
Presentación

11:15 horas
Cinema afeccionado e militante da Transición

Modera: **Ana Domínguez**
Xosé Xoán Cabanas Cao
Antón Caeiro
Xan Gómez Viñas

12:30 horas
Do afeccionado ao profesional
Modera: **Marcos Gallego**
Manuel Abad
Manolo González
Milagros Bará

Sesión da tarde

16:30 horas
Representación da Transición no cinema contemporáneo

Modera: **Beli Martínez**
Eloy Enciso
José Manuel Sande
Coral Piñeiro

Organizan

Consello da Cultura Galega
MICE Museo do Pobo Galego

Colabora

Cineclube de Compostela

Coordinan

Beli Martínez
José Manuel Sande

Lugar

Museo do Pobo Galego
San Domingos de Bonaval s/n
15703 Santiago de Compostela

Inscrición

A inscrición é gratuíta.
O número de prazas é limitado.
As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

Máis información

www.consellodacultura.gal
difusion@consellodacultura.gal
Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal>



Organizan:



Colabora:

**CINECLUBE
DE
COMPOSTELA**